
*ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO
DEPARTAMENTO DE FRANCÉS PARA O CURSO 2021-2022*



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

 **I.E.S. Terra de Soneira**

En aplicación da *Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia* así como das decisións recentes da comisión de coordinación pedagóxica para a concreción dos anteditos cambios normativos á realidade do noso centro, o [Departamento de Francés](#) do IES Terra de Soneira modifica a súa programación didáctica para o presente curso 2021-2022.

1. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

O capítulo III da Orde do 25 de xaneiro de 2022, referido á Educación Secundaria Obrigatoria, no seu artigo 7 indica novidades para o curso 2021-2022.

En consecuencia co anterior, modifícase o apartado 7 **CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO** da Programación didáctica do noso departamento, para todos os cursos da ESO, quedando redactado do seguinte xeito:

1. 1º, 2º, 3º E 4º ESO 2FLE: valoraranse en cada trimestre as catro competencias (CO: comprensión oral, CE: comprensión escrita, EO: expresión oral e EE: expresión escrita, gramática e vocabulario) xunto coas observacións do profesor . Os contidos son acumulativos, é dicir, un novo trimestre engloba os contidos do anterior e así sucesivamente. Cada unha das destrezas serán valoradas coa porcentaxe seguinte:

- Comprensión oral: 10%
- Comprensión escrita: 10%
- Expresión oral: 15%
- Expresión escrita (gramática + vocabulario): 60% esta parte estará distribuída en 2 probas por trimestre, das que a 1ª proba terá un valor do 20% e a 2ª proba un 40%)
- Actitudes: 5% (o traballo diario na clase e na casa, a entrega puntual de traballos o mesmo que a realización de tarefas e o aporte diario do material ás clases).

Os contidos son acumulativos. Realizaranse diferentes probas en cada trimestre. A nota final do curso (convocatoria ordinaria de final de curso) será o resultado da media ponderada coas notas parciais dos tres trimestres, do seguinte xeito: **1º trimestre: 20%; 2º trimestre: 30%; 3º trimestre: 50%**, fixando o aprobado en 5, aínda que precisamos que é imprescindible aprobar o 3º trimestre para facer a media. Os alumnos que non sexan avaliados positivamente terán a posibilidade de levar a cabo unha proba de recuperación final de curso, baseada nos contidos mínimos recollidos nesta programación. A nota da recuperación será dun máximo de 5. Esta proba será similar á extraordinaria de xuño. Gardaranse as destrezas aprobadas en xuño para a convocatoria extraordinaria.

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicaráse a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación, incluíndo unha proba final (na que haberá que acadar unha nota mínima dun 5 para superar a materia). A cualificación definitiva farase efectiva na avaliación final de curso.

2. 1º BACHARELATO 2FLE:

- CO, comprensión oral: 10%
- CE, comprensión escrita: 10%
- EO, expresión oral: 15%
- EE, expresión escrita: 60% (esta parte estará distribuída en 2 probas por trimestre, das que a 1ª proba terá un valor do 20% e a 2ª proba un 40%)
- O 5% restante corresponderá ás tarefas entregadas dentro de prazos e deberes feitos.

Os contidos son acumulativos. Realizaranse diferentes probas en cada trimestre. A nota final do curso (convocatoria ordinaria de final de curso) será o resultado da media ponderada coas notas parciais dos tres trimestres, do seguinte xeito: **1º trimestre: 20%; 2º trimestre: 30%; 3º trimestre: 50%**, fixando o aprobado en 5, aínda que precisamos que é imprescindible aprobar o 3º trimestre para facer a media. Os alumnos que non sexan avaliados positivamente terán a posibilidade de levar a cabo unha proba de recuperación final de curso, baseada nos contidos mínimos recollidos nesta programación. A nota da recuperación será dun máximo de 5. Esta proba será similar á extraordinaria de xuño. Gardaranse as destrezas aprobadas en xuño para a convocatoria extraordinaria.

O alumnado que non supere a materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

No primeiro curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remata do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias (na que haberá que acadar unha nota mínima dun 5 para superar a materia), e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.